

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O DÍA DEZAOITO DE MARZO DE DOUS MIL DEZASEIS.

ASISTENTES:

Alcalde-presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro

Concelleiro/as:

D. Pedro Amado Permuy
Dña. Raquel Caruncho Corral
D. José Simoes Couceiro
Dña. Yolanda Vázquez Busto.
Dña. Silvia Fornos Permuy.
Dña. Marta Pico Machado.
D. Javier Crespo Romeo.
Dña. María Carmen Piñeiro Varela.
Dña. Ascensión de Vicente Olarte.
D. Andrés Pérez Pérez.
D. Antonio Salvadores Regueiro.
Dña. Ana Veira García.

Secretaria:

D^a. Ana Ramos Ramos

Interventor-Accidental:

D. José Luis Sande Vázquez

No Concello de Ponte deume, a dezaeito de marzo de dous mil dezaseis, as oito horas e corenta e dous minutos, reuníronse no Salón de Plenos da Casa Consistorial, baixo a presidencia do señor Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro, coa asistencia da señora secretaria e dos señores concelleiros e concelleiras relacionados á marxe; co obxecto de desenvolver unha sesión extraordinaria urxente do Pleno, en base á orde do día circulada e para o que foron legalmente convocados e convocadas.

A señora secretaria verifica que na primeira convocatoria existe quórum suficiente de constitución.

Unha vez que a Presidencia abriu o acto, pasáronse a tratar os asuntos comprendidos na Orde do día.

1.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN.

O Sr. Presidente toma a palabra para xustificar a urxencia da sesión, indicando que a idea era que a adopción do acordo relativo á aprobación provisional do PXOM que se trae a este Pleno extraordinario, coincidiría coa aprobación do proxecto a incluír no Plan de Aforro e Investimento (PAI) da Deputación da Coruña para o 2016 mais non puido ser porque a documentación do Plan Xeral de Ordenación Municipal chegou o mércores ao medio día, polo que non foi posible evacuar os informes municipais preceptivos ata onte, data na que se convocou esta sesión extraordinaria e urxente.

Concluídas as interencións, sométese a proposta a votación, quedando **RATIFICADA** a urxencia por **UNANIMIDADE** dos concelleiros e concelleiras asistentes.

2.- APROBACIÓN PROVISIONAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE PONTEDEUME, ATENDENDO AO REQUIRIMENTO DA ORDE DE 23 DE DECEMBRO DE 2015, DA SECRETARÍA XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO DA XUNTA DE GALICIA.

A Secretaria da lectura á proposta da alcaldía de data 17 de marzo de 2016, que se transcribe no seu literal:

"PROPOSTA DE ACORDO



2- APROBACIÓN PROVISIONAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE PONTEDEUME, ATENDENDO AO REQUIRIMENTO DA ORDE DE 23 DE DECEMBRO DE 2015, DA SECRETARÍA XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO DA XUNTA DE GALICIA.

Vistos os seguintes antecedentes que constan no expediente:

- En sesión plenaria celebrada o 19 de Novembro de 2009 aprobouse inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM).
- En sesión plenaria celebrada o 28 de febreiro de 2014 foi aprobado provisionalmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM).
- En sesión plenaria celebrada o 20 de maio de 2015 foron aprobadas correccións ao documento aprobado provisionalmente polo Pleno de 28/02/2014 e en consecuencia, introducíronse no expediente as modificacións indicadas no sentido que se transcribe no literal do acordo adoptado sobre o Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM). As correccións e modificacións introducidas no documento do Plan foron consecuencia das alegacións formuladas e dos informes técnicos, xurídicos e sectoriais emitidos no seo do citado expediente con posterioridade ao acordo adoptado o 28/02/2014.
- O PXOM de Pontedeume, así aprobado provisionalmente, foi remitido á Secretaría Xeral de ordenación do territorio e urbanismo o día 2 de xullo de 2015 solicitando a aprobación definitiva do mesmo ante o órgano autonómico competente.
- O día 31 de xullo de 2015 a Secretaría Xeral de ordenación do territorio e urbanismo asina oficio sobre a integridade documental do PXOM de Pontedeume e fai traslado de deficiencias atopadas respecto do expediente administrativo remitido así como dos exemplares do PXOM dos que se fixo entrega. O escrito foi recibido no Rexistro Xeral municipal o día 4 de agosto de 2015.
- En sesión plenaria celebrada o 14 de setembro de 2015 foi aprobado provisionalmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) coas consideracións indicadas no citado acordo. O PXOM coa restante documentación requirida no oficio de data 31 de xullo de 2015, foron remitidas á Secretaría Xeral de ordenación do territorio e urbanismo o día 30/09/2015 (RS nº 3171) e recibidas no Rexistro de entrada Xeral da Xunta de Galicia o día 1/10/2015.

- O día 23 de decembro de 2015 dítese Orde da Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras no que resólvese:

“1º Non outorgar a aprobación definitiva ao Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello de Pontedeume.

2º O Concello deberá redactar os documentos modificados precisos para enmendar as deficiencias sinaladas nesta Orde; e os elevará, logo dos trámites oportunos, ante esta Consellería para a súa aprobación definitiva.

3º Contra esta Orde cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, que se contarán dende o día seguinte ao da súa publicación, segundo dispoñen os artigos 10 e 46 da Lei 29/1998 de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contenciosa-administrativa.

4º Notifíquese esta Orde ao concello” - A notificación foi recibida no Rexistro de entrada municipal do concello de Pontedeume o día 29/12/2015 (RE nº 7627).

- O día 30/12/2015 (RS nº 4274) foi trasladado á entidade Consultora Galega SL, equipo redactor do PXOM aos efectos oportunos.
- O día 24/02/2016 (RE nº 1215) recíbese dúas copias impresas entre outros do Documento do PXOM de Pontedeume por parte da entidade Consultora Galega SL
- Emítese informe técnico da Arquitecta municipal o día 25/02/2016 no que indica deficiencias no documento de data Febreiro de 2016, o que é traslado ao equipo redactor.
- Recíbense informes das entidades suministradoras sobre a suficiencia das infraestructuras e dos servizos existentes e previstos, segundo indica a Orde de 23/12/2015: VIAQUA, GESTIÓN INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA SAU, así como de UNIÓN FENOSA distribución, que obran no expediente. (UNIÓN FENOSA

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

distribución emite en data 4/03/2016 un informe, e VIAQUA emite en data 9/03/2016 tres informes e en data 16/03/2016 un informe).

- En data 17 de marzo de 2016 a Arquitecta municipal emite informe para verificar que os cambios propostos se reflicten no PXOM e a Interventora municipal na mesma data no mesmo sentido na parte correspondente ao punto II.2.8 da Orde de 23/12/2015.
- En data 17 de marzo de 2016 emítense informe da Secretaria municipal sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Considerando o disposto nos artigos 52 e seguintes, 77, 81, 84, 85, 89, 92, 97, 100 e 101 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (LOUG en adiante), modificada pola Lei 15/2004 de 29 de decembro, e pola Lei 2/2010, do 25 de marzo; na Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre Avaliación dos Efectos de Determinados Plans e Programas no Medio Ambiente; no Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación urbana, e demais normativa concordante.

Considerando o establecido no artigo 21, 22.2.c) e 47.2 II) da Lei 7/1985 do 2 de abril reguladora das bases de réxime local, e normativa concordante.

Propoño ao Pleno da Corporación, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente o "Plan Xeral de Ordenación Urbana de Ponte deume" segundo o documento íntegro para aprobación provisional en soporte papel de data febreiro de 2016, (RE nº 1215 de 24/02/2016), coas anulacións dos documentos contidos nel, que foron incorporados posteriormente polo equipo redactor do PXOM, por subsanación de deficiencias detectadas polos servizos técnicos sobre o documento de febreiro de 2016, segundo se indica a continuación:

- Documento de "Estratexia de Actuación e Estudo Económico-Financeiro. Informe de Sustentabilidade Económica: o documento de data febreiro de 2016 queda sen efecto e é substituído e polo tanto sométese a aprobación provisional o documento de data marzo de 2016 (presentado polo equipo redactor en data 16/03/2016, con RE nº1696).

- Anexo pertencente ao TOMO III: NORMATIVA URBANÍSTICA, titulado ANEXO 1: Ordenación detallada URDI-1 EINSA, sométese a aprobación provisional o documento de data marzo de 2016 (presentado polo equipo redactor en data 16/03/2016, con RE nº1696)

- Documento "Memoria Xustificativa" de data febreiro de 2016 queda sen efecto e é substituído e polo tanto sométese a aprobación provisional o documento "Memoria Xustificativa" de data marzo de 2016 (presentado polo equipo redactor en data 16/03/2016, con RE nº1692).

- O Plano de ordenación titulado "Calificación do Solo urbano" da serie O-4, folla 06, escala 1:1.000 de data febreiro de 2016 queda sen efecto e é substituído e polo tanto sométese a aprobación provisional o Plano de ordenación titulado "Calificación do Solo urbano" da serie O-4, folla 06, escala 1:1.000 presentado polo equipo redactor en data 16/03/2016, con RE nº1692.

SEGUNDO: Aprobar provisionalmente o "Plan Xeral de Ordenación Urbana de Ponte deume" segundo o documento íntegro para aprobación provisional en soporte dixital PDF de data marzo de 2016, entregado polo equipo redactor o 16/03/2016, con RE nº1696.

TERCEIRO.- Unha vez dilixenciado o plan aprobado provisionalmente e o expediente administrativo tramitado elevarase á Consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio co fin de que resolva sobre a súa aprobación definitiva.

CUARTO.- Contra o presente acordo municipal de aprobación provisional do plan non cabe recurso algún. Unha vez aprobado definitivamente o plan pola Xunta de Galicia, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras e publicado no DOG os interesados poderán interpoñer contra o mesmo recurso contencioso-



administrativo nos termos previstos na lexislación aplicable.

Pontedeume, a 17 de marzo de 2016
O Alcalde,
Don Bernardo Fernández Piñeiro."

A Presidencia abre a quenda de intervencións explicando que se somete a aprobación as rectificacións feitas no Plan, en cumprimento do requirimento da Orde de 23 de decembro de 2015 da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia. Sobre o contido do informe da Arquitecta Municipal, indica que o termo "desatende" empregado está na maioría dos casos, sustentado pola xustificación da empresa redactora; como xa acontecía para coas aprobacións provisionais anteriores e indicando que estamos ante a 4ª. Indica que o Plan Xeral é produto do traballo de distintos gobernos e agarda contar co apoio de todos os grupos ou polo menos, con que non se estea en contra.

Toma a palabra o portavoz do PP, D. Javier Crespo Romeo, deixando constancia do escaso tempo co que contaron para ler os informes que se lles ten enviado. Manifesta que lles crea intriga as referencias á "desatención" do indicado na Orde, o que consideran que pon en dúbida que o documento que se vai aprobar sexa correcto e apunta á falla de tempo ou outros factores...

Dende a Presidencia indícase que a empresa xustifica o que se indica como "desatención" e que en todos os informes da Arquitecta se acusa a falla de tempo á hora de evacuar os informes.

D. Francisco Javier Crespo Romeo pregunta polos informes da Intervención e Secretaría Municipais.

A señora Secretaria indica que tivo problemas para a impresión dos informes e o traslado aos concelleiros co escaso marxe de tempo que houbo e explica someramente o contido daqueles. Sinala que o que se fixo foi cotexar a Orde co informe técnico municipal e advirte máis de 95 rectificacións para levar a cabo no Plan dos cales nalgúns casos non están cumpridos polo que baixo o seu criterio, que coincide co criterio da Interventora, o expediente non está concluído, se ben considera que é a Xunta, como requirinte, quen debe de valorar o contido do expediente e a posibilidade de que se aprobe nestas condicións ou non; explícase detalladamente todo no seu informe do que hoxe xa pode entregar copia aos concelleiros que o necesiten.

Prodúcese un debate no seo do cal a Sra. de Vicente Olarte plantexa a conveniencia de aprobar provisionalmente o PXOM desta maneira, non tendo claro se está a cumprir co requirimento da Xunta.

Dende a Presidencia indícase que ningún Plan vai perfecto e que ten que estar aprobado provisionalmente antes de mañá, que entra en vigor a nova Lei do Solo.

D. Francisco Javier Crespo Romeo solicita que lles sexan enviados os informes e solicita unha copia en CD do documento urbanístico obxecto de aprobación provisional, indicando que antes se achegaba unha copia aos membros da Corporación. Solicita tamén que se publicite na web municipal para o xeral coñecemento da veciñanza. Piden poder coñecer as modificacións feitas ao respecto dos núcleos.

D. Bernardo Fernández Piñeiro indica que non se pode facer público ata que non estea en "exposición pública" propiamente dita.

O portavoz do PP, conclúe a súa intervención anunciando o sentido do voto do seu grupo, que será a abstención, en base ás dúbidas que lles xeneran os informes.

Toma a palabra o portavoz do grupo do BNG-Asembleas Abertas, D. Antonio Salvadores Regueiro que indica que tamén estaban preocupadas polas "desatencións" e pregunta se pode ser isto un atranco para a súa aprobación na Consellaría. Sobre o fondo do asunto, da lectura da súa intervención na que indica que en Pontedeume tense perdido moito tempo para coa aprobación do Plan e que cada quen asuma os seus erros; que se trata dun Plan no que non participou o BNG e indica que é un plan feito por e para o PP, asumido agora polo PSOE, que ten a responsabilidade de aprobalo. Anuncia a abstención do grupo municipal do BNG-AA e fai

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

referencia á inmediata entrada en vigor da nova Lei do Solo de Galicia, o borrador dunha nova lei de costas...; conclúe a súa intervención coa esperanza de que a próxima aprobación do PEPRI complemente o PXOM.

Concluídas as intervencións sobre o asunto, a Presidencia indica que tanto as persoas integrantes dos grupos municipais do PSOE e do BNG non van cobrar a asistencia a este Pleno extraordinario, e así pide que conste en acta.

D. Francisco Javier Crespo Romeo, quen tamén pide que conste en acta, indica que as concelleiras e concelleiros do grupo municipal do PP sí van cobrar a asistencia a este Pleno, xa que o van adicar en beneficio dos eumeses.

Unha vez rematado o turno de debate sométese a proposta a votación, resultando **ADOPTADO** o **ACORDO**, por **7 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. Pedro Amado Sanmartín, Dna. Raquel Caruncho Corral, D. José Simoes Couceiro, Dna. Yolanda Vázquez Busto, Dna. Silvia Fornos Permuy e Dna. Marta Pico Machado e **6 abstencións** do resto dos señores e señoras concelleiros/as: PP(4): D. Javier Crespo Romeo, Dna. M^a Carmen Piñeiro varela, Dna. Ascensión de Vicente Olarte e D. Andrés Pérez Pérez e do do BNG-AA (2): D. Antonio Salvadores Regueiro e Dna. Ana Veira García, do seguinte teor literal:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente o "Plan Xeral de Ordenación Urbana de Ponte deume" segundo o documento íntegro para aprobación provisional en soporte papel de data febreiro de 2016, (RE nº 1215 de 2402/2016), coas anulacións dos documentos contidos nel, que foron incorporados posteriormente polo equipo redactor do PXOM, por subsanación de deficiencias detectadas polos servizos técnicos sobre o documento de febreiro de 2016, segundo se indica a continuación:

- Documento de "Estratexia de Actuación e Estudo Económico-Financeiro. Informe de Sustentabilidade Económica: o documento de data febreiro de 2016 queda sen efecto e é substituído e polo tanto sométese a aprobación provisional o documento de data marzo de 2016 (presentado polo equipo redactor en data 16/03/2016, con RE nº1696).
- Anexo pertencente ao TOMO III: NORMATIVA URBANÍSTICA, titulado ANEXO 1: Ordenación detallada URDI-1 EINSA, sométese a aprobación provisional o documento de data marzo de 2016 (presentado polo equipo redactor en data 16/03/2016, con RE nº1696)
- Documento "Memoria Xustificativa" de data febreiro de 2016 queda sen efecto e é substituído e polo tanto sométese a aprobación provisional o documento "Memoria Xustificativa" de data marzo de 2016 (presentado polo equipo redactor en data 16/03/2016, con RE nº1692).
- O Plano de ordenación titulado "Calificación do Solo urbano" da serie O-4, folia 06, escala 1:1.000 de data febreiro de 2016 queda sen efecto e é substituído e polo tanto sométese a aprobación provisional o Plano de ordenación titulado "Calificación do Solo urbano" da serie O-4, folia 06, escala 1:1.000 presentado polo equipo redactor en data 16/03/2016, con RE nº1692.

SEGUNDO: Aprobar provisionalmente o "Plan Xeral de Ordenación Urbana de Ponte deume" segundo o documento íntegro para aprobación provisional en soporte dixital PDF de data marzo de 2016, entregado polo equipo redactor o 16/03/2016, con RE nº1696.

TERCEIRO.- Unha vez dilixenciado o plan aprobado provisionalmente e o expediente administrativo tramitado elevarase á Consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio co fin de que resolva sobre a súa aprobación definitiva.

CUARTO.- Contra o presente acordo municipal de aprobación provisional do plan non cabe recurso algún. Unha vez aprobado definitivamente o plan pola Xunta de Galicia, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras e publicado no DOG os interesados poderán interpoñer contra o mesmo recurso contencioso-administrativo nos termos previstos na lexislación aplicable.



REMATE DA SESIÓN.

E non habendo máis asuntos que tratar o alcalde remata a sesión, sendo as nove horas e once minutos do expresado día "ut supra".

Autorízase o presente borrador da acta coa sinatura do alcalde e da secretaria, que dá fe, que se someterá a aprobación na vindeira sesión ordinaria que se celebre do mesmo órgano e a expensas do que resulte da correspondente aprobación.

A Secretaria

D^a Ana Ramos Ramos

V. e Pr.
O alcalde,

D. Bernardo Fernández Piñeiro